


# DISCURSO DE APERTURA



# Francisco Rodríguez Sánchez

Señor Presidente da Unión do Povo Galego,  
compañeiros da Executiva Nacional  
do Bloque Nacionalista Galego,  
compañeiros e compañeiras das organizacións sindicais  
e políticas galegas aquí convidadas,  
delegacións de movementos irmáns anti-imperialistas,  
amigos e amigas, camaradas.

Celebramos este congreso nun contexto político con grandes retos para o nacionalismo galego, para o Bloque Nacionalista Galego. Nós, a Unión do Povo Galego (UPG), formamos parte do BNG, e queremos neste momento debater e analizar internamente, para contribuír da mellor maneira á solidez, a función eficaz na defensa da existencia dun pobo que se denomina pobo galego, a defensa dos seus dereitos. Esta é fundamentalmente a razón da existencia da Unión do Povo Galego.

Só quero falarvos hoxe das razóns fundamentais, das razóns básicas, que se queren confundir, aniquilar ou esvaer nun balbordo mediático que nunca nos debe intimidar. Un balbordo mediático que caracteriza un mundo que nen é xusto, nen é equitativo, nen é aceptábel. E quero comenzoar por dicervos que, efectivamente, na UPG pensamos que Galiza non vive illada do

mundo, e pensamos tamén que a nosa mellor maneira de contribuír a un cambio político para a humanidade consiste en nos identificar e nos esforzar por mellorar e avanzar na realidade concreta na que vivimos, na nosa nación, Galiza. E atentos sempre, iso si, e contando co contexto do Estado no que estamos inseridos e coa marcha do mundo.

A primeira razón fundamental que eu quería subliñar hoxe aquí, en nome do que foi o noso traballo nos últimos anos e o que vai seguir sendo, o cerne fundamental da nosa conduta, é que, xustamente, nun mundo globalizado é cando máis razón cobra contar con capacidade de decisión, con institucións propias de autogoberno. É a única maneira que temos para conformar e expresar a vontade colectiva dun pobo que para nós existe. Só así, témolo moi claro, poderemos construír espazos de dimensión realmente internacional, multinacional ou plurinacional. Espazos ao servizo das maiorías sociais e desas palabras que se utilizan agora moi pouco, a fraternidade e a igualdade.

De non actuarmos así, de aceptar o que hai, teremos imperios e mercados exclusivamente, desigualdade, xerarquización, inxustiza. E nós acreditamos en que existen pobos, existen nacións, embora non teñan estado propio como a nosa. Por iso, compañeiros e compañeiras, nen o concepto de soberanía, nen o concepto de autodeterminación están superados ou son obsoletos como pretende o balbordo intimidador e ameazante.

Unha cousa é que o seu exercicio, o exercicio do dereito de autodeterminación, teña múltiples variábeis e deba contar coas circunstancias ás que non podemos ser alleos. Non en balde podemos afirmar neste contexto que o nacionalismo *stricto sensu*, o nacionalismo das nacións sen estado e o patriotismo daqueles

estados que queren ter un espazo propio de decisión, é o contrapunto, antítese fundamental en contra deste mundo globalizado e as súas consecuencias. E por iso, hai obviedades que se negan todos os días, e a primeira obviedade que se nega, por máis que se acepta soamente en termos folclóricos ou enxebristas, é a existencia do pobo galego. E cando existe un pobo que se chama pobo galego, quere dicir que hai dereitos políticos que exercer, que estamos designados para procurar e impulsar unha consciencia de nós, para intentar expresar a nosa vontade colectiva como tal pobo. E este esforzo que estamos facendo desde hai anos, non é mais que o esforzo para transformarnos social, económica e culturalmente dunha maneira positiva, de forma que podamos seguir existindo como tal, no futuro. É a cuestión fundamental, non hai outra, esta é a fundamental. Existe ou non o pobo galego? É pecado defender a existencia do pobo galego? Os corenta anos da existencia da UPG foron sempre iso. Non foi nunca nen mimetismo, nen seguidismo. E recordaredes, e parece mentira que haxa que lembralo despois de corenta anos, que non por medo, non por prexuízos ideolóxicos, non por timoratismo, senón por unha convición do que somos e do noso contexto, nunca fomos independentistas, nunca fomos o que se denomina no balbordo mediático “separatistas”. Pero si tivemos moi claro sempre, e agora tamén, que o dereito á soberanía é fundamental para articular incluso un Estado español que mereza o nome dun Estado español democrático. Un Estado que se ten que facer coa vontade compartida das nacións que o conforman, entre elas a nosa, un Estado que exprese unha vontade plurinacional.

Nunca, nunca, vimos Galiza á luz do de fóra. Ese pecado que cometen outros, eses outros que soamente ven Galiza como unha sucursal, ou incluso como unha continua negación ou

autonegación. Eses que arman o balbordo ameazante e intimidador. Eses que efectivamente aínda hoxen poden queixarse, dicir que estamos discriminados pero a receita que nós dan é máis do mesmo. Esteamos moi contentos coa realidade que temos e non molestemos para nada ao Estado español, sexamos submisos. Non marquemos nen unha pauta de definición propia en función da nosa existencia.

Amigos e amigas, a nosa existencia, e cando digo a nosa existencia, como estamos ademais nun Partido que ten unha vocación de defensa das maiorías sociais traballadoras, quero dicir que afastedes, si é que alguén aínda ten iso na mente, o prexuízo, o timoratismo, o medo, ou mesmo a desconfianza de que hoxe haxa unha distorsión entre ser galego e ser traballador. Máis ben cando un galego se comporta sempre coa dignidade dalguén que quere un país cunha economía produtiva, que pensa nas maiorías sociais, que pensa na súa realidade cultural e lingüística, está sendo nacionalista defensor, dos traballadores. Isto é unha función fundamental do traballo do Bloque Nacionalista Galego e da UPG, sen nengún tipo de discrepancia; estamos no intento fundamental que vai abranguer os próximos meses, de defender un novo status político para Galiza. A partir da pedagogía, non ocultamos de que a soberanía hai que compartila, de que as nosas competencias non son rescatábeis, nen son retirábeis, nen son anulábeis a capricho de nengún Goberno do Estado central. A pedagogía é dicir ao noso pobo se queremos ser responsábeis de nós mesmos, ou queremos e aceptamos a submisión que nos anula, que nos aniquila. Esta pregunta básica de se imos ben e se non hai nada que rectificar, ou se pensamos que hai que resituara a orientación do país cara a outro obxectivo, noutra dinámica.

Quen, amigos e amigas, non pode entender que Galiza sería distinta tamén financeiramente cunha policía de tráfico? Mesmo para impulsar e planificar o emprego e que tería unha seguranza vial axeitada. Quen non entendería que a conca do Miño é fundamental desde o punto de vista da ordenación do noso territorio e desde o punto de vista dos regadíos? Quen non vai interesarse e entender, despois da catástrofe do Prestige, despois de vermos como se trata o dominio público marítimo e terrestre, que non podemos ter un abano competencial mesmamente atomizado e contradictorio nestas materias? Quen se pode negar a que os galegos e galegas coñezamos cal é a nosa balanza fiscal con respecto ao Estado? É que un pobo pode ir a algures se descoñece cales son as súas contas? Por que son como son? Queremos saber como podemos melloralas, e incluso enfrontarnos a ese discurso negativo de que somos un pobo subsidiado. Quen quere unha Galiza subsidiada? Quen a quere realmente son precisamente aqueles que dixeron do país perversidades, os que incluso menten continuamente dicíndonos que non debemos abrir a boca porque estamos ben como estamos. E unha hai unha pregunta clave que nós temos que contestar en positivo. É pregunta paradoxal, insidiosa, pero indicativa do que pensan todos os gobernos de España, incluído este. Existe a sociedade galega? A resposta do nacionalismo galego é que existe a sociedade galega. Aínda con deficiencias e con mancaduras, existiría máis se non tivesemos que padecer a políticos negativos e autonegados que os escoitaredes falar sempre en contra de que este país levante cabeza.

Por iso, para nós, efectivamente, compartimolo co Bloque Nacionalista Galego, que as eleccións do ano 2005 van ser fundamentais para conseguirmos un cambio, un cambio que oriente o país noutra dirección. Cambios que en Galiza por moi

pequenos que sexan son revolucionarios, porque levamos vinte anos de réxime democrático, que non valeron precisamente para impulsar o mellor que ten este pobo. Eis onde nós temos que reincidir e traballar socialmente, convición de que este vai ser a mellor contribución que podamos facer ao noso pobo. E a mellor contribución é a instauración dunha democracia merecente de tal nome no Estado español.

E falamos de balbordo, escándalo teatral e intimidación, cando efectivamente temos que enfrontarnos ao Tratado polo que se institúe unha Constitución para Europa, un espazo globalizado, non outra cousa desde a posición do nacionalismo. E a resposta dunha democracia é ameaza, o medo e a intimidación. Non hai dereito a pensar, fronte á lousa do pensamento oficial desta globalización. A globalización non soamente é para África e Latinoamérica: é un problema mundial. Unha nación como Galiza, as súas maiorías sociais, os que nos preocupamos do noso futuro e do futuro da humanidade, non podemos aceptar métodos despóticos, métodos de elaboración de textos á marxe da sociedade, contubernios de elites, convencións, e despois imposicións ameazantes de quen non está comigo, está non se sabe con que especie de perigo para a democracia e para o futuro nada menos que de Europa. Pero nós temos tranquilidade, a tranquilidade que dá a experiencia, a tranquilidade que dá seguir os problemas políticos de forma cotiá e non de forma puntual. E comprobamos, compañeiros e compañeiras, que estamos non perante unha unidade, senón perante a síntese e a refundición do que teñen acordado e do que se nos ten aplicado desde a Unión Europea durante todos estes anos. Sería absurdo aceptar esa Unión Europea, da que forma parte o Estado español. Non politicamente as nacións que estamos integradas nel. Non se pode

aceptar que a realidade futura siga sendo soamente a existencia política do Estado español e a inexistencia de Galiza incluso como nacionalidade. Os galegos podemos ser cidadáns de España e da Unión Europea pero non cidadáns de Galiza. Non o podemos aceptar, precisamente porque somos nacionalistas e porque negamos antiteticamente o marco globalizador, un modelo económico e social que nen eles politicamente son capaces de defender; consumidores, cidadáns consumidores, libre circulación de mercadorías, as persoas tratadas como mercadorías, é dicer, emigrantes, privatización dos sistemas públicos, da economía pública, oligopolios se son privados -se son estatais non valen-, cotas de produccion en nome nada menos que da libre competencia; servizos como a educación e a sanidade convertidos en servizos de interese xeral, non en servizos públicos; dereito de traballar pero non dereito ao traballo, diferenza dos sistemas de protección social, se ben todos encamiñados á súa deterioración (Bush *dixit*); non homologación fiscal. Non estamos falando xa do pasado senón para o futuro. Un modelo económico e social que nos queren aplicar, como mínimo 50 anos. Como imos aceptar o modelo de Estado que nos está vendendo o Estado español, diversidade cultural e lingüística, e despois xerarquización e só oficialidade para as linguas dos Estados? Como imos asumir a impotencia dun balbordo que se enfeuda á OTAN, que sigue a carreira armamentística que provoca os gastos militares? Unha Europa que -e isto non é un invento-, un galego é unha galega ten que analizar en función de cantos cambios positivos provocou para a economía produtiva do país a Comunidade Europea, despois Unión Europea.

Vedes, amigos e amigas, o noso campo. Vedes os nosos sectores industriais tradicionais, vedes a interferencia continua nada

menos que na pesca de baixura e na pesca litoral. Coidades que os fondos estruturais compensan de toda esta desfeita que nos coloca como un pobo en retroceso demográfico e dedicado efectivamente á libre circulación de traballadores? A deles é unha acción estratéxica e duradoira no tempo, non é unha cuestión conxuntural. E perante unha cuestión extratéxica, nós non podemos comportar de forma conxuntural, nós non podemos identificar con quen nos nega e aplica un modelo, cuxo perfil no último extremo é o dos Estados Unidos de América. Certo que nós temos que ir á sociedade con pedagogía e esclarecemento; nós temos que desfacer a falacia de que cando un se enfronta a unha estratexia determinada, non estamos fomentando o debate democrático; estámolo agudizando, afondando e reclamando. Estamos para defender a ideoloxía política, a praxe e os intereses colectivos nas institucións democráticas, senón non sería isto unha democracia. Estamos para informar, e estamos para converter no pouco que se poida un referendo consultivo, sen consecuencias prácticas para o Goberno, nun debate que valla para algo, para o esclarecemento e a información dun modelo estratéxico que valoramos.

Aznar quería o referendo para contradicer, atacar e aguillar o nacionalismo. O PSOE quere o referendo para afirmar a unidade de España. Nós temos que dicir que en todo caso, Galiza necesita un espazo europeo internacionalizado. Galiza necesita o que Castela no Sempre en Galiza dicía; ao final o que queremos é un mundo, unha Europa unida, nos seus pobos e nas súas nacións. Queremos argumentar que non estamos no mellor dos mundos posibles, porque este argumento nosleva precisamente a que caíamos no peor dos mundos existentes. Non, non podemos ver isto con eurocentrismo. Nós non podemos dicir que

isto é o único posíbel e o demais son utopías. Para iso xa están eles, non estamos nós. Nós estamos para clarificar, para defender e para situar a intervención política en algo que efectivamente vai dar moito que dicir.

E amigos e amigas, falei de medo, falei de intimidación no Estado, e querovos falar de medo, intimidación e mentira na política internacional. E quero facelo en nome da Unión do Povo Galego, subliñando non soamente o arrepio, senón a discrepancia e o confronto firme en contra non só da guerra contra o Iraque, senón da súa perversa ocupación. E dado que o pobo iraquí está dando unha lección de defensa inmorrente do dereito de autodeterminación, do dereito dos pobos a súa soberanía, e por iso que quen loita contra os invasores e os ocupantes é un resistente, é un patriota, é un home ou unha muller dignos. Está é a verdade e á verdade non hai que terlle medo, pero nós non somos uns homes que procuremos a verdade en abstracto. Temos que facer a política aquí, neste contexto onde ás veces hai medos, ás veces hai intimidación. Hai moita mentira e por iso non somos totalmente alleos nen somos indiferentes aos pasos pequenos que se poidan dar en calquer organismo internacional. Non nos é indiferente que na ONU poida haber sectores opositores a non telos, non nos é indiferente que haxa organizacións sociais que digan a verdade aínda que sexa cativamente, con dificultades, e non nos é indiferente ás contradicións que poida ter o propio sistema. E quero dicir que cando o Bloque Nacionalista Galego, non xa a UPG, defende a existencia dun réxime como o de Cuba, non o fai por unha identificación económica e social, nen confesional política con ese réxime, faino porque sabe que está contribuindo fundamentalmente a espazos de decisión propios, hoxe fundamentais para salvar as maiorías

sociais de Cuba e mesmo para salvar a humanidade. Se facemos unha lectura positiva do proceso revolucionario Venezolano é pola mesma razón, se vemos con esperanza a creación definitiva do Estado palestino é pola mesma razón, e se dicimos que o pobo saharauí ten dereito á creación dun Estado propio en función do dereito de autodeterminación é por ser tan importante para facer un marco internacional vivíbel. E nós demostrámolo e decímolo na páxina 15 das nosas teses: “O combate político do nacionalismo contra este deseño ten campo aberto: a) contando coas contradicións das potencias imperialistas menores; b) potenciado e colaborando desde o noso país á capacidade mobilizadora de amplos sectores da sociedade e do mundo contra a guerra imperialista e pola paz; c) defendendo réximes políticos existentes coa soberanía como fundamento e a xustiza social como aspiración xurdidos malia o deseño imperial; d) avanzando na consolidación do movemento nacionalista na Galiza, coa democratización da nosa sociedade e na posta das súas institucións ao servizo do pobo galego, da paz e da igualdade das nacións; e) influíndo na conformación da política internacional e do Estado español favorábel á paz e á solución dialogada nos conflitos do mundo, multilateral e non unilateral, coa restauración da legalidade internacional; f) contribuíndo a informar verazmente, posicionándonos contra a propaganda intoxicadora e a mentira en todos os foros sociais e nas institucións”. Os deseños para o mundo non poden ser obra dunha grande potencia, a humanidade non poder descansar na mentira, no medo, na ameaza, na agresión e na opresión dos pobos. Por iso dixemos ao comenzo que estamos nunha situación política complexa, chea de dificultades pero tamén chea de expectativas.

Nós, desde hai catro anos, desde o anterior congreso, levamos unha práctica na sociedade e unha práctica dentro do Bloque Nacionalista Galego defendendo efectivamente, en primeiro lugar, a unidade dentro de todas as discrepancias, solventábeis sempre despois do debate. Defendendo vontade e firmeza fronte á intimidación ou ao medo, nada menos que defendendo o dereito democrático a expresarse con liberdade, con independencia e contraste de ideas. Ás veces un pensa que a algúns gostarían de que o terrorismo fose unha constante no Estado español, parece que devecen pola resurrección da capacidade de matar de ETA; non poden vivir no xogo do debate político porque queda claro que o problema non é o terrorismo. O problema é a defensa de cuestións que están no cerne da aspiración de moitas sociedades, a defensa lexítima dos que acreditamos e cremos que hai pobos distintos. Nos comportámonos co afán de construír, construír mínimos partindo da consciencia social existente e das deficiencias existentes e sempre quixemos practicar dentro para facer política fóra que, en definitiva, é o que nos ten que preocupar. E sobre todo ter moito sentido de avaliar positivamente os esforzos que se fan para que Galiza sexa outra cousa. Nós queremos ser fieis á nosa nación que non é outra que Galiza. Sempre con espírito construtivo e afán de modificar a realidade, a nosa realidade premente e urxente que é a que temos ao noso arredor. Eses son os deberes que debemos resolver para actuar na sociedade, para contribuír a que o nacionalismo galego, o Bloque Nacionalista Galego, poida enfrontar os retos do futuro, conseguir ter unha opinión pública galega informada, acadar institucións galegas respectadas e que se respecten a si mesmo. Non creo que nos poidamos respectar a nós mesmos cando un alcalde viola flagrantemente unha lei que fomos

aplicando sen nengún tipo de presión desde 1983. Nada menos que a Lei que nos integraba nas nosas orixes. Os nomes dos lugares que deron os nosos antepasados; A Coruña, Vilalba, As Pontes. E hai quen nos quere negar até que saibamos de onde vimos. Decatádevos da gravidade da situación, da violencia en contra de institucións democráticas que por unanimidade - cando o nacionalismo representaba 5 %- tomaron unha decisión sabia, normal e lóxica. Quen tira aquí contra quen e contra que? Quen quere fundir o país? Quen está interesado en que non teñamos a máis mínima dignidade? Institucións respectadas, vontade creativa e decisión propia para contribuír, como dixeran ao comenzo, a fomentar outro futuro para a humanidade desde nos. Un pobo galego existente e consciente.

Nada máis e moitas grazas.